# Manual de uso da aplicación convivenciaxestion

Este manual permite ser unha guía para o uso da aplicación de recollida de datos de convivencia.

O propósito da aplicación é proporcionarlle aos centros as claves de acceso aos cuestionarios de convivencia para os diversos sectores da comunidade educativa, poder comprobar o avance no cumprimento dos cuestionarios para cada un dos sectores e finalmente obter un informe estatístico cos resultados.

**Menú**

1. Inicio
2. Informes
   2.1. Claves de acceso
   2.2. Avance resultados
   2.3. Resultado cuestionario (dispoñible proximamente)
3. Buzón de informes
4. Axuda

## 2.1 Informes – Claves de acceso

Nesta opción poderá obter as claves dos distintos colectivos que poderán realizar o cuestionario. Terá que escoller a convocatoria do curso académico actual e premer no botón *"Buscar"*.




A continuación aparecerán os enlaces para descargar os documentos dos distintos colectivos do seu centro que poderán realizar o cuestionario. Marque os correspondentes na columna seleccionar e prema no botón *"Xerar documentos"*.

*Nota:* Se ao darlle a *"Buscar"* non aparecen os documentos é que aínda non están dispoñibles para a súa descarga.




Os documentos enviaranse ao Buzón de informes. Para acceder a eles prema na opción do menú *"Buzón de informes"*, dende onde poderá descargar os documentos PDF seleccionados. Os informes conterán as claves de acceso, organizadas para os diversos sectores da comunidade educativa, para acceder aos cuestionarios.

En cada un dos documentos haberá tantas claves como persoas integren ese colectivo no centro, máis un 10% a maiores para cubrir posibles incidencias. As claves de acceso son todas diferentes e non están personalizadas polo que a súa distribución, dentro de cada colectivo, será totalmente aleatoria.

Para o alumnado con necesidades educativas especiais que así o precise poderá descargar un cuestionario pictográfico dende o enlace *"cuestionario"* que aparecerá na pantalla. Posteriormente algún responsable do centro deberá utilizar as claves do informe de alumnado con necesidades educativas especiais para trasladar as respostas dos cuestionarios pictográficos aos cuestionarios deses/as alumnos/as.

Os documentos estarán dispoñibles durante o prazo de cumprimento dos cuestionarios.

## 2.2 Informes – Avance resultados

Nesta pantalla poderá consultar a porcentaxe de cumprimento dos cuestionarios para cada un dos colectivos do seu centro.

A frecuencia de actualización destes resultados dependerá do que marque a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Cada semana estarán dispoñibles os resultados con respecto á semana anterior.

Para facer isto escolla a convocatoria do curso académico actual e prema no botón *"Buscar"*.




Prema en *"Xerar"* para obter o informe. Acceda ao *"Buzón de informes"* a través do enlace do menú.



### 2.3 Informes – Resultado cuestionario

Unha vez rematado o prazo de cumprimento dos cuestionarios, nesta pantalla poderá descargar o informe cos resultados para o seu centro. Para facer isto escolla a convocatoria do curso académico actual e prema no botón *“Buscar”*.




Cando o informe estea dispoñible aparecerá un enlace para descargalo, mentres tanto na pantalla aparecerá a mensaxe *“O informe co resultado do cuestionario aínda non está dispoñible”*.

